



CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

9-10 de febreiro do 2019

V DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INJUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 n° 7 *Andarei na presenza do Señor*

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos en comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Así como na celebración da semana pasada viamos a Xesús desprezado no seu propio pobo polo que dicía, hoxe imos ver como outras xentes séntense movidos pola súa palabra e queren seguilo.

Non é doado seguir a Xesús. Pedro e os outros teñen que deixar moitas cousas importantes para eles: as barcas, as redes cheas de peixe, o seu confort e comodidade na vida que xa tiñan montada.

Para os que hoxe estamos aquí escoitando a Palabra de Deus tamén é complicado saír do noso espazo, pero non podemos contentarnos con escoitar: pídesenos que nos comprometamos con esa palabra para poder ser tamén “pescadores de homes” botando as redes da paz, da xustiza e do amor neste mundo noso tan egoísta e pouco acolledor cos que sofren marxinación, desamparo, inxustiza ou fame.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Os proxectos de Deus son para quen quere vivir facendo evanxeo, coma nós. Coas peticións de perdón queremos amosar os nosos compromisos con Deus, coa vida e coa fe.*

- ✓ Comprometémonos con Deus buscando na vida ser testemuñas do amor co que el nos agasalla?

SI, COMPROMETÉMONOS.

- ✓ Comprometémonos por facer da vida un camiño de igualdade, un camiño de solidariedade, un camiño de paz?

SÍ, COMPROMETÉMONOS.

- ✓ Comprometémonos a facer da fe non só palabras senón tamén e sobre todo feitos que nos asemellen ao facer de Xesús?

SÍ COMPROMETÉMONOS.

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que sofren e están desesperados. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Non podemos esquecernos dos refuxiados aos que ninguén quere acoller, tampouco deixamos de lado nin ás mulleres que sofren violencia nin aos famentos.

(silenzio)

Señor, garda con amor de Pai a túa familia.
Na túa graza está toda a nosa esperanza,
gárdanos sempre coa túa man protectora.
Pedímoscho por Xesús, teu Fillo e noso Irmán,
que vive e reina por sempre eternamente.
Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Escoitamos hoxe, na Palabra de Deus a experiencia dos que decidiron seguir o camiño de Xesús: unha experiencia vital para eles, e unha resposta para os que hoxe coma pobo crente nos reunimos a compartir. No Evanxeo, uns mariñeiros, convidados por Xesús, non dubidan en comprometerse para seren pescadores de homes e mulleres para o Evanxeo.*

No Leccionario I – C páxina 185 LECTURA

LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO PAULO AOS CORINTIOS

♪ nº 41 *Quen nos vai separar de Ti?* SALMO

(en pé) No Leccionario I – C páxina 186 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Profesar a fe non é dicir unhas palabras, é moito máis porque implica demostrar con toda a vida que acreditamos no que Deus nos manifesta en Cristo, e con El queremos ser pescadores de homes e mulleres empeñados na fraternidade. Dicimos:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

Credes en Deus Pai, que nos ofrece a súa man para que amando e compartindo o descubramos á nosa beira?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, o enviado para anunciar a Boa Nova de Deus, e que conta co noso comprometermos polo seu Reino?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo, que nos axuda coma mestre no noso interior para descubrir a vontade de Deus para nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, a comunidade dos homes e mulleres que queremos facer nosa a misión e a vida de Xesús?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Alentados coas palabras e os feitos de Xesús imos amosarlle os nosos desexos orando con toda a igrexa. Dicimos:*

QUEREMOS FACER EVANXEO

1. Polas mulleres e os homes que buscan luz para vivir e non a dan atopado. Polos que non lle ven sentido á vida e todo lles dá igual. Rezamos

2. Polas persoas que traballan no mundo do mar, e que moitas veces viven lonxe do fogar e en condicións moi difíciles. Rezamos

3. Polas persoas que na vida fan evanxeo, anunciando liberación, proclamando liberdade e xustiza, para que segan sendo testemuñas da misión de Cristo. Rezamos

4. Polos nosas comunidades, para que día a día medremos na solidariedade coas xentes máis desfavorecidas, e non calemos as voces dos non escoitados. Rezamos

5. Polas persoas necesitadas de pan e de paz, para que todos colaborem por ofrecerlles un futuro máis esperanzador. Rezamos

Celebrante: *Señor, sabemos que Ti sempre nos escoitas. Danos o valor de facer nosa a túa misión, e danos a coraxe de tomar partido polos que viven sen sentir que a túa Boa Nova tamén é para eles. Por Cristo noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Dicar o Noso Pai é dicir “aquí estou para facer a túa vontade”, é dicir “pódese contar con nós para ser testemuñas das palabras e dos feitos de Xesús”. Con este desexo de dicirlle a Deus que pode contar con cós rezamos:

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante Cristo convida a seguir o seu camiñar compartindo na loita por facer unha terra algo mellor, un camiñar no que se precisan todas as mans. O noso xesto de paz comprométenos. Que non nos canse darnos a man.

CANTO ♪ *nº 36 Fagamos a paz irmáns*

COMUÑÓN

Celebrante: O pan ao que hoxe estamos convidados é o de Xesús. Lembremos que os que cremos nel, temos que ser testemuñas da súa boa nova, testemuñas do evanxeo. Comulgar é unha responsabilidade. Ditosos nós, convidados hoxe arredor desta mesa para saborear este pan do Señor.

CANTO *nº 55 No colo da miña nai*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Deus, noso Pai,
fai que vivamos unidos a Cristo,
como nun só corpo,
e teñamos a alegría
de producirmos froitos
para a salvación do mundo
por Xesucristo, noso Irmán e Señor,
que vive e reina por sempre eternamente.
Amén.

A Palavra de Deus chámanos hoxe a seguir a Xesús sendo pescadores de xentes de ben.

A nosa comodidade e a falta de dispoñibilidade poden moitas veces ser unha carga na nosa decisión.

Non teñamos medo. Deus e os outros precisan de nós, da nosa capacidade para amar e facer viva hoxe a Boa Nova cos feitos e palabras que comprometen.

Avísase das misas (ver folla do mes) .

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén*